



Expediente 97479-332

ACTA DE APERTURA DO SOBRE ÚNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA

Con data do 8 de xullo de 2024 publicouse no perfil de contratante o expediente do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación da subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión do 5 de xullo de 2024.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o 24 de xullo de 2024, ás 13:30 horas, reuníronse o técnico medio de actividades culturais e educativas por delegación da xefa do Servizo de Educación de data 16 de xullo de 2024 coa técnica de Administración Xeral de Contratación para a apertura do sobre único segundo o previsto na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral presentáronse os seguintes licitadores: HERMEX IBERICA, S.L. (Lote 1), JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U. (Lotes 1 y 2) e SPIRAL CONTRACT, S.L. (Lote 1)

As asistentes manifestaron non ter conflito de intereses cos licitadores.

Procedeuse á descriptación dos sobres a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:

	Licitador	Anexo II PCAP	DEUC	Oferta económica (sen IVE)	Incremento do prazo de garantía
Lote 1: Mobiliario e elementos accesorios de aulas e despachos					
1	HERMEX IBERICA, S.L.	✓	Falta cubrir unha pregunta da Parte III, apartado C	29.813,04 €	5 anos
2	JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U.	Non presentado	Non presentado	32.419,00 € (Oferta en orzamento detallado)	5 anos * (Oferta en orzamento detallado)
3	SPIRAL CONTRACT, S.L.	✓	✓	33.187,00 €	2 anos
Lote 2: Mobiliario e electrodomésticos de cociña e despensa					
1	JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U.	Non presentado	Non presentado	16.046,60 € (Oferta en orzamento detallado)	5 anos * (Oferta en orzamento detallado)

* JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U. non presenta o modelo de oferta. Presenta un orzamento



detallado no que indica o prezo total sen IVE, o IVE e o prezo total con IVE, así como os anos totais de garantía dos elementos. Isto para ambos lotes. Procede aceptar a oferta en virtude do sinalado pola doutrina do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (por todas Resolución 283/2014, de 4 de abril de 2014) e do principio antiformalista e, tendo en conta que non se altera o contido da oferta e se pode deducir perfectamente a oferta de ambos criterios de adxudicación.

Á vista da documentación presentada, procede:

Lote 1: Mobiliario e elementos accesorios de aulas e despachos

- a) Admitir neste procedemento a SPIRAL CONTRACT, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - 1. HERMEX IBERICA, S.L.: En concreto, deberá presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que figure cuberta a resposta á pregunta "¿Están los activos del operador económico siendo administrados por un liquidador o por un tribunal?" do apartado C ("Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional") da Parte III ("Motivos de exclusión") xa que no DEUC presentado non aparece contestada.
 - 2. JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U.: En concreto, deberá presentar, tal e como establece a cláusula 13 do PCAP:
 - O Anexo II do PCAP, asinado polo seu representante, xa que non consta na documentación presentada.
 - O DEUC, asinado polo seu representante, xa que non consta na documentación presentada.

Lote 2: Mobiliario e electrodomésticos de cociña e despensa

- a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - 1. JOSMA EQUIPAMIENTO, S.L.U.: En concreto, deberá presentar, tal e como establece a cláusula 13 do PCAP:
 - O Anexo II do PCAP, asinado polo seu representante, xa que non consta na documentación presentada.
 - O DEUC, asinado polo seu representante, xa que non consta na documentación presentada.

A técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación
(sinatura dixital)

O técnico medio de Actividades Culturais e Educativas por delegación da xefa do Servizo de Educación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/07/2024 12:40	Páxina 2 de 2
97479-332	CSV: A3AB52-2FC132-81868H-EWY4SA-KT4MNZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		